

RESUMO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA

Normas de convivencia.

1. O alumnado debe asistir a clase, con puntualidade e permanecer no centro durante o período lectivo e recreos.

1.1. Deben asistir a clase e a todas as actividades docentes programadas..

1.2. O alumnado debe xustificar documentalmente as faltas de asistencia.

1.3. Deben asistir a todas as actividades académicas con puntualidade.

1.4. É obrigatoria a asistencia ás actividades complementarias realizadas dentro do horario lectivo (sempre que non impliquen unha aportación económica).

1.5. Non deben abandonar o centro ata o remate das clases, salvo autorización expresa dalgún membro do equipo directivo. O alumnado maior de idade poderá saír durante os recreos. O alumnado menor de idade poderá saír durante os recreos cunha autorización específica dos seus responsable que permita ao alumno/a estar nas proximidades do recinto ou desprazarse do CF ao IES e viceversa.

1.6. Deben permanecer na aula durante as horas de clase, agás cando teñan autorización do profesorado. O alumnado con materias soltas poderá permanecer na biblioteca ou no patio durante as horas que non ten clase.

1.7. Durante as horas de clase ningún alumno/a debe estar nos corredores.

1.8. En caso de exame o alumnado permanecerá na aula ata o remate da clase.

1.9. No caso de ausencia dun profesor/a, permanecerán na aula á espera de instrucións do docente de garda.

1.10. Para acceder á aula unha vez comezada a clase, é necesario chamar e solicitar permiso para entrar.

1.11. Os lugares axeitados para o consumo de alimentos e bebidas son a cafetería e o patio. Neste espazos debe manterse a limpeza, orde e hixiene.

1.12. Os xogos con pelotas, raquetas e semellantes só se poderán realizar nas instalacións deportivas.

1.13. O alumnado que utiliza coche particular debe aparcar no exterior do recinto. Os que teñen moto poden aparcala no espazo reservado para este fin no aparcamento interior. En ningún caso se permite a circulación polo interior do recinto.

1.14. O alumnado non poderá permanecer dentro do recinto do instituto acompañado de persoas alleas ao centro sen autorización.

1.15. O alumnado que realiza a súa formación en centros de traballo deben manter as normas de convivencia ás que se fan referencia neste documento.

2. Todos os membros da comunidade educativa se deben tratar con respecto mutuo, de forma correcta e considerada, evitando insultos, pelexas, desprezos...

2.1. Deben respectar e defender, de forma responsable e solidaria, o exercicio ó dereito ó estudo dos compañeiros e compañeiras.

2.2. Deben realizar as actividades propostas polo profesorado, seguir as súas orientacións no proceso de ensino-aprendizaxe e participar nas actividades da clase.

2.3. Deben asistir á clase co material de traballo requirido polo profesorado.

2.4. Débese tratar de forma correcta os compañeiro/as, non permitíndose o uso da violencia física ou verbal.

2.5. Débese respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e éticas, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

2.6. Débese practicar o respecto e a tolerancia, rexeitando todo tipo de discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, lingua, orientación sexual ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

2.7. Débense levar a cabo conductas de vida sa, afastadas do consumo de sustancias nocivas.

2.8. Débese mostrar o máximo respecto e consideración á autoridade e orientacións do profesorado e do persoal non docente, atendendo ás súas indicacións.

3. O alumnado debe respectar o material e as instalacións do Instituto e as pertenzas de todos os membros da comunidade educativa, sen provocar estragos de forma intencionada ou por negligencia.

3.1. O alumnado debe facer un uso axeitado e respectuoso das instalacións, moblaxe e materiais do centro, e de forma especial dos equipos tecnolóxicos, evitando o seu deterioro.

En caso contrario, deberá facer fronte ós gastos ocasionados pola reparación ou substitución dos mesmos.

3.2. O alumnado só poderá facer uso das instalacións e materiais do Centro que correspondan ó desenvolvemento de cada materia, e sempre con autorización do profesorado.

3.3. Respecto ó uso dos ordenadores portátiles, no anexo desenvólvese a normativa específica para o coidado e uso dos mesmos.

3.4. Ningún membro da comunidade educativa se pode apropiar de bens, obxectos ou documentos pertencentes ó Centro.

3.5. Os desperfectos na aula, cando sexan detectados, deben ser comunicados de inmediato a algún membro do equipo directivo.

3.6. Débense respectar as pertenzas dos compañeiros e dos demais membros da comunidade educativa.

3.7. O alumnado debe coidar a hixiene de calquera zona do centro, evitando actitudes que provocan o menoscabo da mesma.

3.8. O alumnado debe acudir ó centro convenientemente aseados e coa indumentaria adecuada á actividade a realizar. Non está permitido o uso de gorras nin de gafas de sol durante as clases que se desenvolven no interior.

4. Durante as horas de clase, está prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos.

4.1. Este tipo de dispositivos deberán ser apagados ou silenciados durante o horario lectivo, sen poder empregalos en ningún momento agás no recreo. Se facilitará ao alumnado un espazo axeitado para depositalos e evitar o uso inadecuado durante as sesións. Excepcionalmente os docentes poderán autorizar a un/unha alumno/a o seu uso puntual por motivos xustificados.

4.2. O alumnado non debe utilizar estes dispositivos co propósito de realizar fotografías ou gravacións de persoas ou situacións que teñen lugar no Instituto, agás que un docente o autorice de forma expresa.

4.3. Tampouco está permitido compartir publicamente nas redes sociais imaxes, vídeos ou gravacións de voz sen o consentimento dos protagonistas.

4.4. O teléfono móbil poderá ser utilizado na biblioteca unicamente como lector dos códigos QR que aparecen nos libros, para capturar a información facilitada polos mesmos.

5. As substancias prexudiciais para a saúde non están permitidas no ámbito do Instituto.

5.1. Non está permitido fumar dentro do recinto escolar.

5.2. Está prohibido traer ó centro ou consumir calquera tipo de droga ou substancias prohibidas, así como entrar no Instituto se se consumiu previamente.

5.3. Non está permitido introducir no centro ningún utensilio ou sustancia que poida entrañar algún risco para a integridade física dos membros da comunidade educativa.

6. Non está permitida a suplantación de personalidade, falsificación ou subtracción de documentos académicos.

6.1. O alumnado está obrigado a garantir a autenticidade da documentación ou traballos que presente, evitando a copia fraudulenta, a apropiación indebida, o plaxio ou a falsificación de documentos.

6.2. Todo o alumnado está obrigado a velar pola veracidade de calquera tipo de información que facilite ó persoal do centro, non podendo suplantar a ninguén nin identificarse co nome doutra persoa.

7. O alumnado ten a obriga de cumprir as correccións e/ou sancións impostas.

7.1. O alumnado está obrigado a cumprir as medidas disciplinarias que correspondan á gravidade da infracción de normas que, no seu caso, teña cometido.

7.2. O alumnado ten a obriga de cumprir as medidas correctoras ou reparadoras que imponhan os órganos competentes, unha vez informados os seus pais ou titores legais no caso de alumnado menor de idade. O incumprimento intensificará a gravidade da conduta e, polo tanto, das medidas correctoras.

Incumprimento das normas de convivencia.

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia levadas a cabo polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus iguais ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte ó establecido polo Artigo 28. As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

NORMATIVA ESPECÍFICA SOBRE O USO DO ORDENADOR PORTÁTIL

1. COIDADO E CUSTODIA DO PORTÁTIL

- a. O portátil asignado a cada alumno/a, non poderá saír do Instituto.
- b. As horas nas que non se use deberá estar na taquilla do alumno/a atopándose esta pechada correctamente.
- c. Non correr cando se transporte o portátil.
- d. Non colocar ningún peso sobre o portátil.
- e. Para mover o portátil, este deberá de estar pechado e desconectado.
- f. Deberá evitarse a posibilidade de derrame de líquidos sobre o portátil polo que non deberá utilizarse cando haxa líquidos cerca.
- g. Non poderá golpearse nin pechase de xeito violento.
- h. Non deberá tocarse a pantalla cos dedos debéndose pechar e abrir tocando só os laterais da mesma.
- i. Nunca deberá sosterse o portátil aberto agarrando a pantalla, sempre debe de suxeitarse pola base.
- j. O alumnado deberá deixar o seu portátil ao remate das clases dentro da taquilla e conectado para a carga da batería.

2. UTILIZACIÓN DO PORTÁTIL

- a. Os portátiles asignados son unha ferramenta de traballo e polo tanto non deben usarse para outros fins que non sexan os escolares.
- b. Queda expresamente prohibido utilizar o portátil para xogar, na clase ou no recreo, tanto con xogos instalados no portátil como con xogos *en liña*.
- c. O software subministrado co portátil ten licenza legal. Será de exclusiva responsabilidade do alumnado a existencia de copias ilegais no seu portátil.
- d. O alumnado será responsable do contido e uso do seu portátil e poderá ser sancionado cando o contido non se xustifique polo traballo escolar. Serán sancionados en todo caso os contidos pornográficos, racistas, etc. e os de calquera outro tipo que atenten contra a dignidade das persoas.
- e. Queda expresamente prohibido modificar a configuración do sistema operativo e violar as restricións que teña o portátil.

- f. Queda prohibido realizar calquera clase de ataque software contra calquera ordenador ou elemento da rede do centro, da Xunta, ou Internet.
- g. Queda prohibido a instalación e uso de programas non autorizados expresamente por un docente.
- h. Debe evitarse o almacenamento de arquivos moi voluminosos que poderían interferir na simplicidade do mantemento do portátil e no seu rendemento na clase. En caso de dificultade de funcionamento o alumno deberá eliminar calquera programa ou arquivo que se lle indique.
- i. Queda prohibido acceder ós datos persoais doutras contas ou ordenadores que non sexan os propios.
- j. O acceso a algún chat ou foro dentro do instituto deberá ser expresamente autorizado polo profesorado.
- k. Cada alumno será plenamente responsable dos correos ou do material enviado dende o seu ordenador.
- l. O son do ordenador deberá estar desconectado durante as clases a menos que o docente indique o contrario.
- m. En caso de avaría, virus, mal funcionamento ou actualización de software é probable que o ordenador se formatee e reinstale de forma automática. Deberase facer sempre que se poda unha copia de seguridade dos arquivos persoais.

PROTOCOLO A SEGUIR NO CASO DE EXPULSIÓN DE CLASE:

1. O profesorado da materia debe **comunicar ao profesorado de garda** a través do/a delegado/a do grupo e mesmo cumprimentar a **ficha de xestión de incidencias e facilitar as actividades** que debe desenvolver o alumnado durante o resto da sesión.
2. O/a alumno/a debe **saír da aula co profesorado de garda/convivencia** ou, en caso necesario, cun membro do **equipo directivo**, sempre aportando a **ficha de xestión de incidencias** coas actividades que deba realizar. No caso de que acuda sen traballo para realizar o profesorado de garda acompañarao de novo a aula para recoller dito traballo.
3. O membro do equipo directivo que estea de garda deberá notificar *asinando* o apartado correspondente da **ficha de xestión de incidencias**.
4. De seguido, o/a alumno/a pasará á aula de convivencia e **destinará o resto da hora á resolución das actividades** propostas polo profesorado.
5. Unha vez rematada a clase, **o docente que estivo ó cargo** do alumnado **recollerá as actividades que desenvolveu e a ficha de xestión de incidencias**, que entregará ao docente responsable da expulsión, quen facilitará unha copia da ficha ao titor/a do alumno/a e outra para o responsable de convivencia.
6. A Xefatura de Estudos recollerá nunha **base de datos** as incidencias deste tipo. A base de datos de cada grupo estará a disposición do titor do mesmo.

A realización das actividades non exime doutras posibles sancións.